

VACUO

centro coreográfico galego



ÍNDICE

	Pág.
1. Vacuo	3
2. A peza.....	4
3. O Centro Coreográfico.....	5
4. Ficha artística.....	6
5. Funcións.....	7
6. A coreógrafa.....	8
7. O equipo.....	9

1. VACUO

Vacuo é unha metáfora... a natureza, a nosa alma e cada un de nós mesmos.

Existimos pero non vivimos. Delimitamos o noso espazo con medos, preocupacións, prexuizos que enlodan e tinguen de negro, que nos privan de ver máis aló... non temos tempo na nosa vida cotiá de escoitar e gozar do son da chuva, esquecemos a súa importancia física e espiritual...

Presentamos un espazo *Vacuo* que propón unha arte de vivir, non como unha explicación, senón como comprensión, entendemento, concienciación..., un xeito de rexeneración, de reformulación da vida, do presente, con matices e cores sen deixar que o agora se enturbe e mude en escuridade.

Sorprendentemente, hoxe a natureza perde cor. ¿Non será esta un espello da nosa alma, un modo de reflectir o noso presente máis inmediato?

A resposta está en nós mesmos, no noso propio *Vacuo*, un espazo onde hai cores, a túa cor, a da túa vida, lugar de renovación e de comunicación, onde a inmensidade da natureza se pode contemplar, vivir, bailar e gozar.

Maruxa Salas

2. A PEZA

Vacuo é o título da primeira peza asinada polo Centro Coreográfico Galego (CCG), a nova unidade de danza do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), que presentará unha produción propia por temporada baixo a dirección dun coreógrafo/a convidado/a, quen seleccionará aos bailaríns e bailarinas a través de audicións públicas.

Coa posta en escena desta obra inaugural, que se estrea o día 6 de xaneiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, culminan catro meses de creación e ensaios durante os que, baixo a dirección de Maruxa Salas, o equipo artístico deu forma a unha proposta interdisciplinar que fala sobre os sentimentos, as emocións e o ciclo vida-morte-vida.

Integrada por catro fragmentos coreográficos, a peza parte da Galicia do pasado cara á Galicia do presente, coa ollada nun futuro que depende de nós. *Vacuo* constrúese sobre unha metáfora que relaciona os bosques coas almas humanas, comparando a degradación da natureza co esquecemento de determinados valores. Fronte a este deterioro, suxire un “espazo vacuo”, de rexeneración, que aposta pola arte de vivir á marxe de medos e prexuízos, polo entendemento e a concienciación.

Para desenvolver a súa proposta, Salas optou por unha metodoloxía de creación aberta e participativa na que música composta por Berrogüetto, o espazo escénico e a iluminación de Baltasar Patiño, o vestuario de Ruth Díaz e as pezas audiovisuais de Adriana Domínguez xogaron un papel activo no proceso de composición da peza final.

Quince bailarinas e bailaríns –dos que son 10 os que soben ao escenario en cada unha das partes– interveñen nesta composición coreográfica, cunha duración total duns 60 minutos. Dende o comezo do proceso de produción de *Vacuo*, todos eles participaron nos ensaios públicos que o CCG organizou en diferentes espazos abertos na súa aposta por levar a danza ao encontro da cidadanía.

3. O CENTRO COREOGRÁFICO

O Centro Coreográfico Galego (CCG), unidade de nova creación integrada na estrutura do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) da Consellaría de Cultura e Deporte, vén de iniciar o seu funcionamento a prol do desenvolvemento integral no ámbito da danza en Galicia coa posta en marcha de diferentes liñas de actuación dirixidas tanto aos artistas como á cidadanía.

Con sede na cidade da Coruña e baixo a coordinación de Natalia Balseiro, a súa pretensión é converterse nun espazo de encontro dos artistas e destes co público co fin de mellorar as condicións dos profesionais do sector, atendendo ás súas demandas e ofrecéndolles novas oportunidades de expresión e difusión da súa arte, ao tempo que se procura unha maior proxección social da danza.

Así, o programa de actividades da temporada 2006-2007 do CCG incide no apoio á creación artística a través de *Vacuo*– e de senllas coproducións coas compañías privadas ExperimentaDanza (A Coruña) e Pisando Ovos (Vigo), ademais de na promoción da investigación mediante a convocatoria pública de residencias artísticas e axudas económicas.

Entre as iniciativas previstas para o este ano 2007, destaca tamén a organización de diferentes accións formativas dirixidas tanto aos profesionais como aos cidadáns, sempre coa ollada posta na creación de novos públicos e na fidelización dos xa existentes, así como a posta en marcha dunha colección editorial e dun centro de recursos para a danza.

4. FICHA ARTÍSTICA

Dirección e coreografía **Maruxa Salas**

Asistente de dirección e coreografía **Erick Patrith Jiménez**

Asistente e repetidor **Igor Goyena**

Bailaríns **María Pilar Abaurrea**
Pablo Aradillas
Lorena Ballesteros
Elena Conesa
Alexis Fernández “Maca”
Carmela García
Miguel Ángel Llorenç
Kirenia Martínez
Cristina Miralles
Gustavo Muñiz
Amparo Novas
Matilde Pedreira
Ana Beatriz Pérez
Caterina Varela
Iván Villar

Espazo escénico e iluminación **Baltasar Patiño**

Espazo sonoro e música **Berrogüetto**

Vestuario **Ruth Díaz**

Pezas audiovisuais **Adriana Domínguez**

5. FUNCIÓN

A Coruña (Teatro Rosalía Castro) 6 e 7 de xaneiro, ás 20.30 h.

Santiago de Compostela (Salón Teatro) 11, 12 e 13 de xaneiro, ás 20.30 h.
14 xaneiro, ás 18.00 h.

Vigo (Centro Cultural Caixanova) 20 de xaneiro, ás 20.30 h.

Narón (Auditorio Municipal) 2 de febreiro, ás 20.30 h.

O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo) 23 de febreiro

Tui (Teatro Municipal Área Panorámica) 2 de marzo, ás 21.30 h.

Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval) 11 de marzo

Cangas (Auditorio Municipal) 17 de marzo

Ourense (Teatro Principal) 31 de marzo, ás 20.30 h.
1 de abril, ás 20.30 h

6. A COREÓGRAFA

Maruxa Salas

Coreógrafa e bailarina, Maruxa Salas (Ourense, 1976) dirixe o proxecto Neodans. Licenciada en Danza –especialidade de Coreografía e Técnicas de Interpretación– polo Instituto Superior de Danza Alicia Alonso de Madrid, onde foi galardoada co Premio de Composición Coreográfica 2004, cursou tamén a carreira de Ballet Clásico da Royal Academy of Dancing de Londres e do Conservatorio Profesional de Danza de Madrid. En 2002 obtivo unha bolsa da SGAE para perfeccionar a súa formación no Ballet Nacional de Cuba, onde dous anos despois traballou como coreógrafa convidada.

En 2001 presentou en Madrid e na Habana unha das súas primeiras creacións, *Per Loca Marítima*, pola que recibiu o Premio Especial Teatro de Madrid e o primeiro premio no Certamen de Jóvenes Creadores. En 2003 foi recoñecida co primeiro premio no II Certamen Internacional de Coreografía Burgos-New York por *Minube*, programada polo Korzo Theater (Holanda) e escenificada tamén en diferentes espazos de España e Cuba. *Didenoi* é o título dunha das súas últimas propostas, que o Ballet Nacional de Cuba incorporou ao seu repertorio e coa que obtivo diferentes galardóns: segundo premio no IV Certamen Burgos-New York (2005), terceiro premio e premio á bailarina sobresaínte no III Certame de Creación Coreográfica de Galicia (2005), convocado polo IGAEM, e mención especial no Concurso Iberoamericano de Coreografía (CIC 04) da SGAE. En 2003 actuou no Holland Dance Festival como bailarina solista de *Orlando*, de T. Stuart.

Bolseira da Fundación Alicia Alonso, entre 1998 e 2002 participou en diferentes producións do Joven Ballet de Cámara de Madrid. De 1995 a 2000 foi bolseira, así mesmo, na escola África Guzmán de Madrid, traballando como bailarina solista e coreógrafa.

7. EQUIPO ARTÍSTICO

Berrogüetto (música)

Cunha década de traxectoria ás súas costas, avalada polo apoio de público e crítica, Berrogüetto (Quico Comesaña, Santiago Crieiro, Quim Farinha, Guillermo Fernández, Guadi Galego, Isaac Palacín e Anxo Pintos) defínese como “unha factoría de ideas na que a música se funde con outras artes na busca de elementos sonoros innovadores”.

En 1996 aparecía na escena musical o seu primeiro disco, *Navicularia* (Premio da Crítica Alemá 1997 –compartido con Ry Cooder– ao mellor disco de world music, Premio Eiserner Eversteiner 1998 ao mellor grupo folk europeo, concedido pola asociación alemá de *world music* “profolk”, e Premio Ideal 1997 ao grupo revelación), comezando entón as actuacións en festivais e as xiras internacionais que, en pouco tempo, converterían a Berrogüetto nun dos máis destacados grupos de *world music* a nivel internacional.

O seu segundo traballo, *Viaxe por Urticaria* (1999), coñeceu varias edicións internacionais e sorprende, ademais, pola imaxe gráfica da portada: os músicos cubertos de lama, metáfora da alternancia entre tradición e contemporaneidade, un dos propósitos musicais esenciais do grupo. Obtivo nese ano, o Premio Luar ao mellor álbum folk e un premio AGAPI pola banda sonora da película *La rosa de piedra* (Manuel Palacios, 1999).

Para *Hepta* (2001), a banda contou con achegas doutras disciplinas artísticas, colaborando co francés George Rousse –creador que mestura arquitectura, pintura e fotografía– e co Centro Galego de Arte Contemporánea, ademais de traballar cos músicos Jivan Gasparian (Armenia), Markus Svensson (Suecia), Kalman Balogh (Hungría).

Con este terceiro disco, o grupo foi recoñecido de novo co Premio da Crítica Alemá, ademais de recibir o premio *Opinión* ao mellor grupo folk e de quedar finalista nos Premios de la Música da *Academia de las Artes Escénicas y Musicales* do 2001 (mellor álbum en galego) e dos Grammy Latinos 2002 (mellor disco folk).

En 2006 Berrogüetto editou o seu cuarto e último traballo até o momento, *10.0* (2006), o seu disco máis íntimo e coral, producido polo propio grupo co que celebrou, ademais, o seu décimo aniversario.

Erick Patrith Jiménez Vindas (asistente de dirección e coreografía)

Madrid, 1977

-Experiencia:

- | | | |
|--------------------|-------|--|
| Coreógrafo | 2005 | Universidade Nacional San José de Costa Rica |
| | 03-05 | Co-creación de diferentes proxectos na Compañía Fernando Hurtado |
| | 2004 | <i>Sesfebu</i> (musical) |
| | 2001 | <i>Estudio #1 e #2</i> |
| | 2000 | <i>Kala</i> , 1º premio Concurso Coreográfico de Valencia |
| | 1999 | <i>Ecdisis</i> |
| | 1998 | <i>Solo</i> |
| Director artístico | 2006 | Dance performance 1+1+1+1= 4 (Bélxica) |
| | 2006 | Coreógrafo asistente Land Mark. L'école superieurem du arts du cirque, en colaboración coa escola de danza P.A.R.T.S (Bruxelas, Bélxica) |
| | 04-05 | Co-coreógrafo da Compañía Fernando Hurtado |
| Bailarín | 2005 | Cía. Patas Arriba |
| | 2005 | Cía. Enclave, Roberto Olivam (Bélxica) |
| | 2005 | Cía. Cienfuegos |
| | 2005 | Cía. Marina Donderis |
| | 2005 | Will Menter, Tour Jazz Festival, Francia |
| | 03-05 | Cía Fernando Hurtado |
| | 2003 | Tower of Babel, Improv-Installation, Dancework. Nova York (EE. UU.) |
| | 2003 | Will Swanson Dance Works. Nova York (EE. UU.) |
| | 2003 | Christie Harry's, Improv-Installation, Dancework. Nova York (EE. UU.) |
| | 2003 | Jumping in the Dark. Frankfurt-Mainz (Alemaña-Luxemburgo) |
| | 2002 | José Antonio Orts, Photosensitive, esculturas-improv. Bruxelas (Bélxica) |
| | 00-03 | Centro Coreográfico de Valencia |
| | 2000 | Admitido en audición para o Circo do Sol (bailarín suplente). Madrid |
| | 1999 | Cía. Nacional de Danza San José de Costa Rica |
| | 97-99 | Cía. de Cámara da U.N.A. Heredia (Costa Rica) |
| | 96-98 | Cía. Speculum Mundi (Costa Rica). |

Igor Goyena Mediavilla (asistente e repetidor)

Oñate, 1978

-Experiencia:

Xan. 02-xuño 05 Centro Coreográfico Teatros de la Generalitat Valenciana

Repertorio: Patrick de Bana (*Animaltea, Acirfa, Aman*), Leonardo Santos (*El aroma del tiempo, Jump in the dark*), Will Swanson (*Impresiones fugaces*), Ramón Oller (*Congelado en el tiempo*), Thomas Noone (*Buitk*), Inma Rubio (*Dis/ruption/inter/fear, Lacrimosa dies illa*).

Colaboracións: Ballet Nacional de Cuba (*Shakespeare y sus máscaras*), Compañía Metros (*Congelado en el tiempo*).

Cursos: Workshop coa White Oak Dance Project, con Mikhail Baryshnikov.

Clases impartidas por: Catalina Vilana, Mauro Galindo, Lipi Hernández, Vicente Saez, Christine Cloux.

Maio 98-maio 99 Actuacións dentro do programa de danza educativa UD e Uc da Rotterdamse Dansacademie (Holanda)

Repertorio: Joseph Tmim, Samuel Western, Janede Dietmar and Desif Kongerot, Fleur de Peau.

Dec. 93-abril 98 Obras realizadas durante o período de estudos en Bilbao

Repertorio: *La Bayadere, Tangos, Carmen, Arrabal, Don Quixote*.

Colaboracións co Teatro Arriaga de Bilbao: *La Traviata*

-Coreografías: *Batiscafo* (Bilbao, 1997), *Recuerdos* (Bilbao, 1998), *Titania* (Vitoria, 2002), *Sequenza IX* (Valencia, 2004).

-Formación: Conservatorio José Uruñuela de Vitoria (2000-2001), bolseiro na Rotterdamse Dansacademie de Rotterdam (1998-1999), bolseiro no Centro de Danza Ion Beitia de Bilbao (1993-1998), bolseiro no Centro de Danza Víctor Ullate de Madrid (1992-1993).

María Pilar Abaurrea (bailarina)

Pamplona, 1984

-Formación:

92-01 Educación de Danza Clásica e Moderna. Escola Oficial de Navarra

2001 Diploma Danza Clásica. Ministerio de Educación

-Experiencia:

05-06 Bailarina do Donlon-Ballet Saarlandisches Staats Theater (Alemaña)

2005 Finalista con *Sens Interdit* de Samuel Delvaux. Festival Burgos-New York

02-05 Bailaina IT Dansa. Institut del Teatre de Barcelona

-Mestres e coreógrafos:

Helena Walman, Samuel Delvaux, Catherine Allard, Guillermina Coll, Keith Morino, Rodolfo Castellanos, Jeanne Solan, Robert Stranjner, Carmen Rozerstraten, Matilde Van de Maereendonk, Michelle Swennen, Beбето, Montse Sanchez.

Pablo Aradillas (bailarín)

Vigo, 1984

-Formación:

Grao Medio e Elementary Ballet Clásico. Royal Academy of Dance Londres

Danza Clásica Escola Hannelore

Danza Contemporánea. Deborah Alfaya

2002 Curso de Danza Clásica. Escola Druída A Coruña

2001 Curso Internacional de Ballet Clásico. Centro de Danza Víctor Ullate

2000 Curso Intenacional Povia do Varzim

-Experiencia:

Bailarín do programa *Luar* da TVG

Bailarín con Deborah (Galicia e Portugal)

Bailarín da Compañía Alborada (Baile español)

Bailarín de Capoeira

1995 1º Premio II Concurso de Coreografía Mayeysis

Finalista de Danza Clásica no VII Concurso Nacional Danza Ribarroja

Mestres e coreógrafos:

Víctor Ullate, Virginia Valero, Chevy Muraday, Aldona Adomaityte, Hannelore Gotchar, Deborah Alfaya.

Lorena Ballesteros (bailarina)

Madrid, 1978

-Formación:

95-96 Título de Grao Medio Danza Española. Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid

97-98 Título de Grao Medio Ballet Clásico. Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid.

1999 Escola de Verán Víctor Ullate

96-00 Curso Internacional de Danza (Asociación de Profesionais da Danza de Madrid)

1997 Curso Internacional Danza Alicia Alonso (Madrid)

1993 The Yorkshire Ballet Seminars (Reino Unido)

-Experiencia:

01-05 Bailarina do Ballet Galego Rey de Viana

00-01 Bailarina no Teatro Real de Madrid. Ópera *Celos aínda do aire matan*

99-00 Bailarina no Teatro Real de Madrid. Ópera *Orfeo*

98-99 Bailarina no Teatro Real de Madrid. Ópera *Aida*

Mestres e coreógrafos:

Lola de Ávila, Víctor Ullate, Alicia Markova, Margaret Barbieri, Iván Tenorio, Carlos Faxas, Miguel Cabrera, etc.

Elena Conesa (bailarina)

Cartaxena, 1977

-Formación:

1999 Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Universidade da Coruña (INEF)

2001 Posgrao Expresión Artística e Danza. Universidade da Coruña (INEF)

1999 Grao Elementary Classical Ballet. Royal Academy of Dancing (Londres)

1989 2º Curso Danza Clásica. Academia Danza Araceli. (Cartaxena)

-Experiencia:

99-05 Bailarina do Ballet Galego Rey de Viana

01-03 Profesora de Danza na Facultade de Ciencias da Educación da Coruña

Alexis Fernández (bailarín)

Santiago de Cuba, 1975

-Formación: Profesor Graduado pola Escuela Nacional de Artes de Cuba

-Experiencia:

1994 Bailarín convidado no Novo Ballet de Francia

95-99 Bailarín da Compañía de Danza Contemporánea de Cuba

2000 Bailarín do Ballet Ecuatoriano de Cámara

00-03 Bailarín do Grupo Danza-Teatros (Cuba)

04-05 Bailarín de ExperimentaDanza (A Coruña)

2006 Bailarín da Compañía Damián Muñoz Danza

1998 1º premio (interpretación masculina) no Festival Provincial Danza. Cuba

1989 1º premio Concurso Coreográfico Escuela Nacional Danza Habana

1992 1º premio Concurso UNEAC, Cuba

93-95-97 1º premio Bento Danza. Brasil

2000 1º premio Festival Alas de la Danza. Quito (Ecuador)

2005 Premio Coreográfico (modalidade solos). Danza Calvia

1º e 2º premio do Certame de Creación Coreográfica de Galicia

1º premio do Certame Coreográfico de Madrid

1998 Profesor de Danza na Escuela Nacional de Teatro de Cuba

1999 Profesor na Academia Studium Arcajou. Brasil

2000 Profesor no Ballet de Cámara e na Universidad Católica (Ecuador)

01-03 Profesor da Compañía de Danza Teatro Retazos

04-05 Profesor na Academia Artestudio da Coruña

Carmela García (bailarina)

Valencia, 1984

-Formación: Ballet Clásico Elemental e Medio. Conservatorio Valencia
Graduada en Artes Escénicas "Alicia Alonso" pola Universidade Rey
Juan de Madrid (2001-2005)

-Experiencia:

Bailarina do Joven Ballet de Cámara de Madrid

Primeiro premio no certame de Jóvenes Coreógrafos de Madrid, na
competición de Danza de Valencia e na Competición Danza de Castellón.

-Mestres e coreógrafos: Karen Burgin, Catherin Allard, Ana Sánchez, etc.

Miguel Ángel Llorenç (bailarín)

Valencia, 1980

-Formación:

98-99 Cátedra Alicia Alonso (bolseiro)

1998 Escuela Superior de Arte Dramático y Danza de Valencia

97-98 Conservatorio Profesional de Danza de Madrid

88-97 Escuela de Danza Terpsicore (Oliva)

-Experiencia:

04-06 Coreógrafo residente de *Viva España*

02-04 Bailarín do Centro Coreográfico da Comunidade Valenciana

01-02 Bailarín do Joven Ballet Carmen Roche

2001 Bailarín do Joven Ballet de Cámara de Madrid

99-01 Bailarín da Compañía Nacional de Danza 2

-Mestres e coreógrafos:

Cristina Álvarez (Cuba), Alicia Gomez, Micaela Torres Rafael Darder, Olaya Arlandis, Inmaculada Gil, Patrick de Bana, Ramon Oller, Leonardo Santos, Rami Levi (Israel), Carmen Roche, Alicia Alonso, Nacho Duato, Tony Fabre, etc.

Kirenia Martínez (bailarina)

Santa Clara (Cuba), 1980

-Formación:

Nivel Medio Superior de Educación Tca. Profesional (especialidade: actuación)

Escuela Superior de Arte de La Habana, Cuba

Bailarina de Danza Contemporánea. Primeiro Nivel

-Experiencia:

1999 Teatro Nacional de Cuba : *Si no fuera por ti, Ausencia*

2000 Xira Francia, Italia, España: *El viaje*. Xira México: Festival Agustín Lara

2001 Festival Internacional de Danza Callejera Paisajes Urbanos, La Habana

2002 Bienal de Danza de Lyon: *Solamente una vez, Rosas y herencias*

2003 Festivais de Danza Itálica (Sevilla) e Mujeres en la Danza (Ecuador)

2004 Proxecto Danzario Cultural Sagrada Familia. Pisa (Italia)

2005 Certame Coreográfico de Calvia. Palma de Mallorca

-Mestres:

Vicente Revuelta, Mijail Rojas, Siria Agüero, Noemi Álvarez, Ingrid Chamand.

Cristina Miralles (bailarina)

Barcelona, 1982

-Formación:

2001 Titulación Danza Clásica. Conservatorio Profesional de Danza del Instituto del Teatro. Barcelona

2000 Majors Advanced da Royal Academy of Dancing. Londres

2006 Cursando Ballet Teaching Studies da Royal Academy of Dancing. Londres

-Experiencia:

02-05 Bailarina do Ballet Galego Rey de Viana

97-01 Bailarina no Institut del Teatre de Barcelona

99-01 Bailarina no Gran Teatre Liceu de Barcelona. Óperas *Turandot*, *D.Q.*, *Sansón y Dalila*

2000 Bailarina de contemporáneo coa Compañía 9 Pas de Barcelona

02-05 Profesora de Danza Creativa e Baile Contemporáneo na Universidade da Coruña

-Mestres e coreógrafos: Mauro Galindo, Elisenda Castells, Gilberto, Merce Alsina, Yosua Cienfuegos...

Gustavo Muñiz (bailarín)

Boiro, 1975

-Formación:

Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña

Centro Internacional de Danza Carmen Roche

Ballet Folclórico Galego Boirense

-Experiencia:

Bailarín solista Ballet da Orquestra Sinfónica de Galicia

Bailarín, cantante e actor do musical *La Pasión*

Bailarín do Joven Ballet de Carmen Roche

Bailarín solista do Ballet Clásico de Madrid

Compañía Neoclásica de Cataluña-Gavina Ballet

Bailarín Ballet de Zaragoza

-Mestres e coreógrafos:

Luis Fuente, Víctor Ullate, Ricardo Franco, Tony Fabre, Carmen Roche, Azary Pletzisky, Davide Bonbana, Robert North, Patrick de Bana, Jean Christophe Blavier, Nills Christie, Olaff Smith, etc.

Amparo Novas (bailarina)

Cangas, 1976

-Formación:

Bailarina titulada pola Escuela Profesional de Danza de Madrid (2002)

-Experiencia:

2004 Colaboración coa Compañía Sol Picó en Fitur. Madrid

2005 Bailarina de *Turandot*, Teatro Liceo. Barcelona

2006 Compañía ExperimentaDanza (Premio Nacional de Danza no Certame Coreográfico de Madrid)

-Mestres e coreógrafos:

Reynaldo Muñiz (Ballet Nacional Cuba), Marianna Sedova (Ballet Moscu), Cristianne Marchant (Ballet Maurice Bejart), Víctor Ullate, Ramon Oller (Compañía Metros), Thomas Noone

Matilde Pedreira (bailarina)

Ferrol, 1976

-Formación:

2001 Danza Clásica. Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid

96-97 Danza Contemporánea na London Contemporary Dance School

02-03 Clases profesionais de Contemporáneo "Técnica release e Limóm" no Laban Center. Londres

97-00 Clases profesionais de contemporáneo con ex-solistas do Ballet de Escocia e ex-mestres do Royal Ballet e do London City Ballet

-Experiencia

2005 II Mostra Danza Narón. Coreógrafa e bailarina invitada

04-03 Escola Danza DEGAS. Profesora Danza clásica e Contemporánea

02-03 Compañía Danza DIODEN(Londres). Festival Resolution 2003

99-00 Compañía Danza Cumni Ballet Gwent (Gales)

1998 Festival Danza Umbrella (Londres)

Ana Beatriz Pérez (bailarina)

La Habana (Cuba), 1972

-Formación:

84-91 Escuela Nacional de Artes de La Habana. Danza moderna e folclórica

-Experiencia:

1991 Compañía Danza Contemporánea de Cuba

2001 Compañía Druída Danza, A Coruña

III Premio Certame Coreográfico de Madrid por *Trespasando*

2003 III Premio no I Certame Coreográfico de Galicia por *Era*, de Bárbara Monteagudo

2004 Experimenta Danza, A Coruña

-Mestres e coreógrafos:

Manuel Vázquez, Isabel Blanco, Isidro Rolando e Marianela Boán (Cuba); Lorna Burdsal (EE. UU.); Carlos Orta (Venezuela); Giovanni de Cicco (Italia); Jan Linkens (Holanda); Dominik Boruki (Alemaña), Julio Viera, Mercedes Suarez, Chevy Muraday, Damián Muñoz.

Caterina Varela (bailarina)

A Coruña, 1983

-Formación:

88-00 Danza Clásica na Escola Baby Study. A Coruña

1998 Curso de Verán Víctor Ullate

02-06 Estudos de Danza Contemporánea

-Experiencia:

02-06 Bailarina da Compañía ExperimentaDanza. A Coruña

2º Premio no III Certamen de Creación Coreográfica de Madrid (2005)

1º Premio no XIX Certamen Coreográfico Madrid (2005)

1º Premio no Encontro de Novos Creadores de Povia do Varzim (2002 e 2003)

-Mestres e coreógrafos:

Carlota Pérez (A Coruña); Armando Martén, Beatriz Pérez, Alexis Fernández (Cuba); Damián Muñoz, Virginia García (Vitoria); Julio Viera, Chevy Muraday, Gema Díaz (Madrid); Daniel Tinazzi, Guido Tuveri (Italia); Juschka Weigel (Alemaña).

Iván Villar (bailarín)

Cee, 1980

-Formación:

98-05 Danza Clásica. Escola El Taller, Escola Pasos...

00-02 Danza Contemporánea Escola Pasos

00-02 Clases Fusión Galego-Contemporáneo

86-06 Folclore Galego na Escola de Danza Breogán

-Experiencia:

98-05 Bailarín do Ballet Galego Rey de Viana

01-03 Profesor de Danza Tradicional Universidade da Coruña

02-05 Mestre de baile tradicional na Escola de Danza Falcatrueiros. Monterroso

2005 Bailarín no Palacio da Opera da Coruña: *Xigantes e cabezudos*

Primeiro Premio no Certame do Día da Muiñeira de Cee (1990-1995)

Primeiro Premio Agrupacións Folclóricas de Negreira

-Mestres e coreógrafos: Arcadio Carbonell, Alba Felpete, Vicente Colomer, Jaime Pablo Díaz, Beatriz Gamborino, Marco A. Vargas.